

Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

Cátedra
Filgueira Valverde




Deputación
Pontevedra



Museo de Pontevedra

XI MEMORIAL Filgueira Valverde

ALEJANDRO DE LA SOTA (1913-1996)



© Fundación Alejandro de la Sota

MUSEO DE PONTEVEDRA
Salón de actos do Sexto Edificio
Do 6 ao 8 de novembro de 2012
20 horas

Alejandro de la Sota (Pontevedra, 1913 – Madrid, 1996) foi un dos grandes arquitectos galegos e españois do seu tempo. Figura de culto para os seus colegas de profesión, conta na súa cidade natal (o remodelado Pavillón de deportes, por exemplo) ou no veciño Concello de Poio (a Casa Domínguez, na Caeira) con algunha das súas creacións máis significativas. Fillo dunha personalidade esencial para a conformación de Pontevedra, urbe e provincia, e mesmo de Galicia nas primeiras décadas do século XX, Daniel de la Sota, mantivo sempre, malia residir fóra, unha estreita relación coa súa cidade de orixe.


Este Memorial prográmase como anticipo das moitas actividades que, sen dúbida, se lle consagrarán en 2013, ano no que se conmemorará o centenario do seu nacemento. Esta circunstancia, aval máis que suficiente para a súa celebración, vese reforzada, no que a esta Catedra se refire, polos sólidos lazos de amizade que uniron a Alejandro de la Sota e a Xosé Filgueira Valverde, nacido só sete anos antes ca el e pertencente, polo tanto, a súa mesma xeración.

Nas conferencias que integran este Memorial, promovido pola Catedra Filgueira Valverde coa colaboración do Museo de Pontevedra, analizaranse tanto o contexto pontevedrés no que nace e se forma inicialmente Alejandro de la Sota como a significación do seu labor profesional para a arquitectura galega e española da segunda metade do século XX.

PROGRAMA

REFORMA DEL ALMACEN - Solución A

ESCALA 1:50



ALZADO

DÍA 6 DE NOVIEMBRE

Conferencia:

*Alejandro de la Sota:
a forxa dun artista*

RAFAEL LÓPEZ TORRE
Xornalista

DÍA 7 DE NOVIEMBRE

Conferencia:

Alejandro de la Sota, cerca

ALBERTO NOGUEROL E PILAR DÍEZ
Arquitectos

DÍA 8 DE NOVIEMBRE

Conferencia:

Alejandro de la Sota, mestre de arquitectos

TERESA COUCEIRO
Arquitecta. Directora da Fundación Alejandro de la Sota

NOTA:

As conferencias celebraranse ás 20:00 h no salón de actos do Sexto Edificio do Museo de Pontevedra. A asistencia é libre ata completar o seu aforo.